

VOCABULARIO ABAU S. XX-XXI

A CRISE DO SISTEMA CANOVISTA

Agrarismo: movemento reivindicativo de masas do campesiñado galego a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX, durante o período da **Restauración**. Creáronse asociacións e sindicatos agrarios para lograr a supresión do **sistema foral** (redención dos foros), loitar contra o caciquismo, e promover a renovación técnica do sector agrario galego. Destacaron as organización **Solidariedade Galega** (1907-12) e **Acción Galega** (1910-15), xunto co máximo líder desta, o crego ourensán **Basilio Álvarez**. Como consecuencia da mobilización, a ditadura de **Primo de Rivera** promulgou en 1926 o decreto de redención dos foros.

Semana Tráxica de Barcelona: semana de violentas protestas populares que tiveron lugar en **Barcelona** en **xullo de 1909** durante o reinado de **Alfonso XIII**. As protestas xurdiron contra a orde do presidente **Maura** de enviar tropas de reserva á guerra de **Marrocos** tras a derrota do Barranco do Lobo. Isto provocou unha **folga xeral** que deu paso á insurrección, coa formación de barricadas nas rúas, enfrontamentos coas frozas de orde e queima de numerosos edificios relixiosos. Saldouse cunha dura represión por parte do goberno, co fusilamento de cinco líderes anarquistas, entre eles o pedagogo **Ferrer i Guardia** o que causou un grave escándalo internacional e unha forte crise de goberno.

A CRISE DE 1917. A GUERRA DE MARROCOS

Desastre de Annual: derrota do exército español en 1921 ante os rifeños na **Guerra de Marrocos**. A poboación autóctona ao mando de **Abd el-Krim** ofrecía unha forte resistencia ao **protectorado de Marrocos**. Neste caso, as tropas, ao mando do **xeneral Silvestre** intentan ocupar a **zona de Annual**, sendo rodeados polos rifeños. Máis de dez mil soldados españois morreron, tendo un fortísimo impacto na opinión pública española. Este desastre agudizou a crise da **Restauración borbónica** e o desprestixio do exército español e do propio monarca, **Alfonso XIII**, a quen se lle atribuiu parte da derrota. Será investigado no chamado **Expediente Picasso**.

Definición do termo Desastre de Annual

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Derrota sufrida polo exército español ante os rifeños en 1921 durante a guerra de Marrocos. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Supuxo grandes perdas territoriais e numerosas baixas no exército. -As cabilas rifeñas estaban dirixidas por Abd-el-Krim, -As operacións do exército español foron planificadas e executadas baixo o mando do xeneral Silvestre. - Este desastre provocou un forte impacto na opinión pública española e agudizou a crise da Restauración. - Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -O goberno organizou unha comisión de investigación do sucedido dirixida polo xeneral Picasso. -Os rifeños fixéronse co control da zona proclamando a independencia da República do Rif. -Acentuou o desprestixio do exército e do propio monarca, Afonso XIII, a quen se lle atribuíu parte da derrota.

5

	-Foi causa directa do golpe de Estado e da ditadura de Primo de Rivera en 1923. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	--

Expediente Picasso: nome do informe realizado polo **xeneral Picasso** en **1922**, durante o reinado de **Afonso XIII**, para investigar o ocorrido na derrota do exército español en **Annual**, un ano antes. Nas súas conclusións o informe mostraba a negligencia dos mandos do exército, a implicación de políticos de partidos dinásticos e incluso do rei. Uns días antes da presentación do informe ás **Cortes**, o xeneral **Primo de Rivera** da un **golpe de Estado**, instaurando unha **ditadura militar**.

A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA

Directorio Militar: primeira etapa da **Ditadura de Primo de Rivera (1923-30)**, que ten lugar despois do golpe de estado ata **1925**. Tratábase dun goberno exclusivamente formado por militares, con carácter transitorio, co fin de restablecer a orde pública, exercendo un poder ditatorial para solucionar os problemas do país. Disólvense as **Cortes**, abólese a **Constitución**, suprímense os **concellos** e anúlense **dereitos fundamentais**. O seu éxito máis importante é o fin da **Guerra de Marrocos** co **Desembarco de Alhucemas**. O rei **Alfonso XIII** apoiará a ditadura, favorecendo a súa duración.

Definición do termo **Directorio Militar**(ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -primeira etapa da Ditadura de Primo de Rivera -caracterizada por un goberno integrado exclusivamente por militares
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -goberno formado tras o golpe de estado de 1923, durante o reinado de Afonso XIII -O Directorio militar estaba presidido polo xeneral Miguel Primo de Rivera -governou por decreto, tras a clausura das Cortes -entre os seus principais obxectivos estaba poñer fin á guerra de Marrocos Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -o Directorio estaba datado entre 1923 e 1925 -o goberno caracterizouse pola restrición de dereitos e liberdades e a represión do movemento obreiro -puxo fin á guerra de Marrocos mediante o desembarco de Alhucemas en 1925

Unión Patriótica: organización política creada por **Miguel Primo de Rivera** durante a súa ditadura (1923-1931) a modo de partido único do réxime, inspirándose no **Partido Fascista de Mussolini**. No partido integráronse militares, oligarquía civil, funcionarios, gobernando durante o **Directorio Civil**. Non tiña unha ideoloxía clara, identificándose en xeral coas dereitas. O seu lema era "*Patria, relixión e monarquía*". Desapareceu coa caída da ditadura en 1931.

ESTABLECEMENTO DA II REPÚBLICA

CEDA: siglas da *Confederación Española de Dereitas Autónomas*, unha coalición de partidos conservadores e católicos fundada en 1933 por **Jose M^a Gil Robles**. Definíanse como antimarxistas, defensores da relixión, a familia e a propiedade privada. Esixía a revisión da **Constitución de 1931** para adecuala aos principios católicos. Formou parte do goberno durante o chamado **Bienio de Dereitas**, en coalición co **Partido Radical**, entre 1934 e 1935.

Pacto de San Sebastián: acordo que tivo lugar en agosto de **1930** en **San Sebastián** ao que chegaron diversas personalidades de partidos republicanos, nacionalistas e socialistas, polo que se comprometían ao establecemento dun **goberno republicano democrático**. Formaron un **comité revolucionario** para coordinar unha sublevación co fin de derrocar á monarquía de **Alfonso XIII**, moi desprestixiada tras a **Ditadura de Primo de Rivera**. Permitiu a formación dunha coalición electoral para as eleccións municipais de 1931. Os seus membros formarían parte do **goberno provisional da Segunda República**.

Definición do termo **Pacto de San Sebastián** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
---------------------------------------	--

Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Acordo verbal levado a cabo por diversas personalidades e partidos contrarios á monarquía de Afonso XIII para establecer a República en España. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Foi promovido por Alianza Republicana e participaron diversos partidos republicanos, nacionalistas e socialistas. -Acordouse a formación dun comité revolucionario que se debería converter no goberno provisional da futura república parlamentaria. -Permitiu a formación dunha coalición electoral para as eleccións municipais de 1931 Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Tivo lugar o 17 de agosto de 1930. -Sinalar algún dos compromisos asinados: garantir a liberdade política e relixiosa, convocar eleccións constituíntes ou abrir a posibilidade da autonomía política das rexións. -Nomear algún dos representantes políticos máis salientables que participaron nel (Azaña, Lerroux, Niceto Alcalá-Zamora, Marcelino Domingo, Macià...) -En outubro, sumáronse a este Pacto, en Madrid, as organizacións socialistas (PSOE e UXT). Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

AS GRANDES REFORMAS DA REPÚBLICA

Bienio negro: etapa da **II República (1931-36)**, de novembro de **1933** a xaneiro de **1936**, tamén chamado **período Radical-Cedista**. Caracterízase por ser un goberno de dereitas, presidido polo **Partido Radical** de **Lerroux** e co apoio da **CEDA** de **Gil Robles**. Supuxo una paralización e retroceso das reformas levadas a cabo polo anterior **Bienio Reformista**, parando a reforma agraria e devolvendo terras aos antigos propietarios. O seu momento de maior crise foi durante a **Revolución de Asturias e Cataluña en 1934**, onde exerceron unha dura represión.

Definición do termo **Bienio Negro** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -etapa da II República (1931-1936), chamada tamén Radical-Cedista. -protagonizada por un goberno de dereitas que desmantelou as reformas do anterior bienio de esquerdas.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -datado entre novembro de 1933 e febreiro de 1936. -foi unha etapa encabezada por un goberno de dereitas presidido polo Partido Radical e co apoio da CEDA. -subvencionou o culto católico. -paralizou a reforma agraria e devolveu as terras ós antigos propietarios. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -o Partido Radical estaba encabezado por Lerroux e a CEDA por Gil Robles. -o goberno exerceu unha dura represión na revolución que se organizou en Asturias e Cataluña en 1934. Redacción: correcta e ben exposta.

FAI: siglas da **Federación Anarquista Ibérica**, organización heteroxénea de partidos anarquistas partidarios da revolución, xurdida en **1927** durante a **Ditadura de Primo de Rivera**, dentro do **sindicato da CNT**, logrou impoñerse dentro do sindicato durante a **II República**, chegando a ter numerosos seguidores, cunha postura de *“guerra aberta contra o Estado”*, protagonizando tentativas revolucionarias en **1932** e **1933**, que debilitaron ao réxime republicano. Durante a **Guerra Civil** conseguiu gran poder e era partidaria de compatibilizar a guerra coa revolución. O seu líder máis destacado foi **Durruti**.

Definición do termo **FAI** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Federación Anarquista Ibérica, organización creada durante a ditadura de Primo de Rivera. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Creouse clandestinamente en 1927 e tratouse da corrente máis radical do anarquismo. -Pretendía establecer o anarquismo libertario a través da acción directa.

	-Outros métodos utilizados foron a folga xeral e a insurrección armada. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Durante a Segunda República tivo un gran número de afiliados. -Os seus enfrontamentos internos acabaron por debilitada, o que influíu na crise da República. -O seu líder máis destacado foi Durruti. -Trala guerra civil disolveuse. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Fronte Popular: coalición de partidos de esquerda, sindicatos e nacionalistas que gañan as eleccións en **febreiro de 1936** durante a **II República (1931-36)**. Pretendían impulsar de novo as reformas emprendidas no **Bienio reformista** e paralizadas no posterior **Bienio Negro**, ademais de amnistiar aos represaliados durante a **Revolución de 1934**. O seu goberno será moi breve debido ao **golpe de Estado de xullo do 36**, que dará lugar á **Guerra Civil**.

Definición do termo **Fronte Popular** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Coalición política de esquerdas que gaña as eleccións de 1936. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Trátase dunha coalición de partidos de esquerda, sindicatos e nacionalistas. -Gañaron as eleccións pero o seu goberno foi moi breve, dado que en xullo tivo lugar un golpe de Estado que daría orixe á Guerra Civil. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -A coalición formouse para concorrer ás eleccións de febreiro de 1936. -Aspiraban a impulsar as reformas emprendidas no Bienio Reformista. -O seu programa avogaba pola amnistía aos represariados da revolución de 1934. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión

Sanjurjada: golpe de estado contra o **primeiro goberno da II República** dirixido polo militar **José Sanjurjo**, en **Sevilla** en **agosto de 1932**. Os motivos foron as distintas reformas levadas a cabo polo goberno, depurando o exército e fomentando os estatutos de autonomía. O golpe fracasou pola falta de preparación dos golpistas e pola efectividade dos servios de información do exército republicano e **Sanjurjo** será condenado a morte. No **Bienio Negro** será amnistiado.

Definición do termo **Sanjurjada** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Golpe de estado contra o primeiro goberno da II República dirixido polo militar José Sanjurjo Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Os motivos do golpe foron a “depuración” militar e a deriva autonomista do goberno republicano-socialista -O golpe fracasou (pola pouca preparación e pola efectividade dos servizos de información do exército republicano) Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Tivo lugar en Sevilla en agosto de 1932 -Sanjurjo foi condenado a pena de morte e posteriormente amnistiado Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

A GUERRA CIVIL

Brigadas Internacionais: batallóns de voluntarios estranxeiros que loitaron en España durante a **Guerra Civil** (1936-1939) apoiando ao bando republicano. Estarán formados por militantes de esquerdas antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas de diversos países, fundamentalmente de **Europa Occidental** (Francia, Reino Unido, Alemaña...) e **EE.UU.** Entendía a **Guerra Civil española** como unha guerra contra o fascismo que imperaba en Europa. Abandonarán o país trala derrota na **Batalla do Ebro (1938)** polas presións do *Comité de Non Intervención*.

Definición do termo **BRIGADAS INTERNACIONAIS** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron loitar a España no decurso da Guerra Civil defendendo a República. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado). - Integradas por militantes de esquerda antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países. - Houbo brigadistas de máis de 50 países, pero destaca a achega de franceses, alemáns, austríacos, italianos, británicos e estadounidenses. Redacción: correcta
	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - Interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo.

FET das XONS: siglas da *Falanxe Española Tradicionalista das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista*. Partido único que xorde no bando franquista durante a **Guerra Civil** (1936-39) en 1937, mediante o chamado **Decreto de Unificación**. De ideoloxía fascista, baseaba o seu programa nos principios de **Falanxe** de **José A. Primo de Rivera** adoptando o saúdo fascista do brazo en alto, o uniforme de camisa azul dos falanxistas e a boina vermella dos carlistas. Será o único partido legal nese bando e posteriormente durante o Franquismo, pasando a denominarse **“Movemento Nacional”**.

Lexión Cóndor: aviación enviada pola **Alemaña nazi** en axuda do bando franquista durante a **Guerra Civil** (1936-1939). A **axuda nazi** foi fundamental para a vitoria do bando sublevado, indo en contra dos acordos do **Comité de Non intervención**, e servindo a **Hitler** de campo de probas para a futura **II Guerra Mundial**. Foi tristemente coñecida como a responsable do bombardeo de **Guernica**, entre outros.

Definición do termo **Lexión Cóndor** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Aviación enviada pola Alemaña nazi en axuda dos sublevados (bando franquista) durante a guerra civil. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Constituíu unha ferramenta fundamental para a vitoria franquista. -Hitler empregou a guerra civil española como banco de probas para a próxima guerra mundial. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Esta axuda supuña saltarse os acordos do Comité de Non Intervención. -Esta axuda pagaríase con minerais e outros produtos unha vez rematara a guerra. -É responsable do bombardeo de Guernica, no País Vasco. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Sección Feminina: organización fundada en **1934** como rama feminina de **Falanxe Española**. Foi dirixida por **Pilar Primo de Rivera** (irmá de **José Antonio**). Durante o franquismo monopolizou a educación de mulleres, nenas e mozas coa finalidade de formar amas de casa, subordinadas aos varóns e destinadas a ter fillos e educalos segundo as normas establecidas polo réxime. Para o seu adoutramento creouse en 1937 o **Servizo Social**, que impoñía a prestación obrigatoria de traballos sociais para todas as mulleres durante seis meses. Foi suprimida durante a **Transición** en **1977**.

Definición do termo **Sección Feminina** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -rama feminina da FET das Xons -organización destinada a integrar ás mulleres, desde a xuventude, no ideario do réxime -desenvolveu un modelo ideal de mulleres como esposas e nais, sometidas á tutela dos varóns
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -organización dirixida por Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador da Falanxe -desenvolveu os seus obxectivos mediante programas de Iniciación ao Fogar e Educación Física en escolas e campamentos de verán -funcionou durante corenta anos, e foi disolvida na transición Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -foi fundada en 1934 -controlou o Servizo Social da Muller, os traballos sociais que debían realizar obrigatoriamente todas as mulleres españolas -impulsou obradoiros e publicacións destinadas a facilitar o adoutramento feminino -desapareceu en 1977 Redacción: correcta e ben exposta.

Nacional Catolicismo: termo que o franquismo empregou para defender a total identificación **Igrexa-Estado**. Defendíase que a vida política, social e cultural estaba sometida ás directrices da **Igrexa**. Os símbolos católicos fixéronse omnipresentes no réxime franquista, controlando a educación e creando organizacións para inculcar á sociedade un catolicismo moi conservador.

Definición do termo **Nacional-catolicismo** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Termo que o franquismo empregou para defender a total identificación Igrexa-Estado. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple

Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Significa que o franquismo defendeu a confesionalidade católica do Estado e a Igrexa lexitimaba a sublevación e o réxime franquista. -A vida política, social e cultural estaba sometida ás directrices da Igrexa católica. -As normas de conduta da Igrexa católica impuxéronse á sociedade. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Os símbolos da Igrexa católica fixéronse omnipresentes no réxime franquista. -A Igrexa controla a educación e crea organizacións laicas vinculadas a ela para inculcar á sociedade un catolicismo moi conservador. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

Sindicato Vertical: sindicato único durante o franquismo. Inspirado e controlado pola **Falanxe**. Foi creado a partir do **Foro do Traballo de 1938** e afianzado tras a promulgación da **Lei de Unidade Sindical de 1940** que ilegalizaba todos os sindicatos de clases existentes e integraba de forma forzosa a todos os traballadores e empresarios (relación vertical) nun mesmo e único sindicato baixo a supervisión do **Ministerio de Traballo**. Disolveuse na **Transición**, durante o goberno de **Adolfo Suárez**.

Definición do termo **Sindicato Vertical** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe -integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -a súa creación supuxo a desaparición dos sindicatos de clase -a súa composición explica que se coñecera como Sindicato Vertical -inspirouse nos réximes fascistas europeos Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -a súa afiliación era obrigatoria -oficialmente denominada Organización Sindical Española -creouse en 1940, pola Lei de Unidade Sindical -disolveuse na transición, durante o goberno de Adolfo Suárez Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión

Contubernio de Munich: participación de disidentes e opositores ao franquismo nun congreso europeísta organizado en **Munich** en **1962**. A súa denominación foi un termo pexorativo e sarcástico imposto polo réxime. No **Congreso** participaron políticos de diversas tendencias, excluindo ao **PCE** (monárquicos, demócratas, liberais, republicanos e socialistas), tanto do interior de España como do exilio. Solicitaban o recoñecemento das liberdades individuais e políticas en España. O réxime reaccionou desatando unha forte campaña de propaganda condenando a reunión e o goberno actuou con dureza contra os participantes españois que non estaban no exilio.

Definición do termo **Contubernio de Múnic (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -participación de disidentes e opositores ó franquismo nun congreso europeísta organizado en Múnic. -tivo lugar durante a etapa final da ditadura, que o cualificou así de maneira sarcástica. -demandaba a instauración dun réxime democrático en España.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -congreso celebrado en Múnic en 1962. -nel participaron políticos de diversas tendencias: monárquicos, demócratas, liberais, republicanos ou socialistas. -solicitaban o recoñecemento das liberdades individuais e políticas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -tivo lugar despois do intento fracasado de ingreso de España na CEE. -participaron un centenar de representantes españois. -implicou unha severa represión tras o seu regreso ó país. Redacción: correcta e ben exposta.

Plan de Estabilización: conxunto de medidas e reformas económicas aprobadas en 1959 propostas por ministros tecnócratas, vinculados ao **Opus Dei**, que tiñan como obxectivo abandonar o modelo autárquico intervencionista e liberalizar a economía española, conectando así co capitalismo occidental. Sentou as bases para iniciar o forte crecemento “desarrollista” da década dos anos 60.

Lei para a Reforma Política: lei aprobada polas **Cortes franquistas** durante a **Transición** en **1977**. Foi o instrumento legal que permitiu o paso da ditadura franquista a un sistema constitucional democrático dende o propio sistema franquista. Foi aprobada en referendun popular e establecía a convocatoria de eleccións democráticas por sufraxio universal por primeira vez desde a **II República**.

Pactos da Moncloa: acordos socioeconómicos en **1977**, durante o goberno de **Adolfo Suárez**, na **Transición**, polos líderes dos principais partidos políticos e das organizacións sindicais no **Palacio da Moncloa**. O seu piar fundamental era o consenso por enriba das diferenzas políticas, dando unha resposta común en materia de desemprego, salarios, xubilacións, loita contra o fraude fiscal.... Os seus acordos foron aprobados logo polo **Congreso dos Deputados**.

Definición do termo **Pactos da Moncloa** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Acordos socioeconómicos asinados en 1977 polos líderes dos principais partidos políticos e das organización sindicais no Palacio da Moncloa Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións

(0,35-0,4)	adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Foron asinados durante o goberno de Adolfo Suárez -Consistían nunha serie de acordos de carácter económico e social que posteriormente foron aprobados polo Congreso dos Deputados. -O seu pilar fundamental era o consenso político por enriba das diferenzas políticas e sindicais -aspiraban ao pleno establecemento dun sistema democrático, a estabilidade do país e a solución dos problemas económicos máis urxentes Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -O seu obxectivo era solucionar algúns dos problemas derivados da crise económica de 1973. -Entre as medidas adoptadas destacan a moderada suba salarial, a loita contra a fraude fiscal, o aumento das prazas escolares, a extensión do seguro de desemprego... -Ademais de abordar a crise económica, os pactos pretendían dar resposta común á conflitividade social, ao terrorismo e ao risco de Golpe de Estado -A redución da inflación e a normalización da vida sindical foron algúns dos seus logros Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Plataxunta: denominación popular outorgada a unha coalición da oposición ao **Franquismo**, durante a época da **Transición**. Foi a unión de dúas organizacións, unha impulsada polo **PSOE** (*Plataforma para a Convergencia Democrática*) e outra polo **PCE** (*Xunta Democrática*), unindo a persoas de diversas ideoloxías. Reclamaban ao goberno inmovilista de **Arias Navarro** a convocatoria de **Cortes Constituíntes**, a amnistía dos presos políticos e o recoñecemento das nacionalidades históricas.

Definición do termo **Plataxunta** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -denominación popular outorgada a unha coalición de oposición ó franquismo formada na época da transición.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -nela participaban comunistas, socialistas e democristiáns. -reclamaba amnistía e liberdade política. -tamén reclamaba o recoñecemento das nacionalidades históricas e a convocatoria a Cortes Constituíntes. -orixe do termo. Redacción: correcta.
Sobresalient e (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -estaba formada por dúas organización: a Plataforma para a Convergencia Democrática (impulsada polo PSOE) e a Xunta Democrática (impulsada polo PCE). -surxiu ante o inmovilismo do goberno de Arias Navarro. -o seu manifesto fundacional produciuse en marzo de 1976. Redacción: correcta e ben exposta.

UCD: partido político creado por **Adolfo Suárez** en 1977, **Unión de Centro Democrático**, que aglutinaba ás forzas de centro-dereita, moitas delas procedentes do **Movemento Nacional**. Foi o partido gañador das primeiras eleccións democráticas na **Transición**, en 1977, e tamén nas seguintes de 1979. Mantívose no goberno ata 1982, primeiro con **Adolfo Suárez** e logo con **Calvo Sotelo**, disolvéndose coa vitoria do **PSOE** nese mesmo ano.

Feminismo: o feminismo é un movemento social e político que busca a igualdade de xénero. Defende os dereitos das mulleres en todos os ámbitos da sociedade. Loita contra a discriminación de xénero e promove a emancipación das mulleres. O feminismo en **España** tivo un papel crucial na historia recente, especialmente durante a Transición.

Movements anti-globalización: son unha serie de campañas e iniciativas que critican a globalización económica. Nacen a finais do século XX, opóñense á desigualdade económica, a explotación laboral e o dano ambiental. Promoven a soberanía dos pobos, a xustiza social e a sustentabilidade. En **España**, estes movementos tiveron un papel importante na mobilización social.

Desenvolvemento sostible: é un concepto que busca equilibrar o crecemento económico coa protección do medio ambiente. O seu orixe está na década de **1980**. Promove o uso responsable dos recursos naturais para satisfacer as necesidades actuais sen comprometer as futuras xeracións. En **España**, a adopción de políticas de desenvolvemento sostible tivo un impacto significativo na economía e na sociedade.

Patrimonio Histórico: é o conxunto de bens materiais e inmateriais que, pola súa relevancia, forman parte da historia dunha nación. Inclúe monumentos, obras de arte, documentos, tradicións e costumes. Estes bens son protexidos e conservados para o seu estudo e disfrute das futuras xeracións. En **España**, o **Patrimonio Histórico** é rico e diverso, reflectindo a súa longa historia e cultura.